

Encontros xerenciais PARA COOPERATIVAS

A negociación con entidades financeiras

● Martes 22 de novembro de 2011 ● Pazo da Cultura de Pontevedra ●

Presentación

A Unión de Cooperativas de Traballo Asociado Ugacota celebrará un novo encontro de carácter **práctico** sobre os procesos de negociación coas entidades financeiras: como preparar e favorecer a negociación, de cara a satisfacer as necesidades de crédito dos proxectos cooperativos, e, como mellorar o acceso ao financiamento, será o fin desta sesión de traballo e capacitación.

Cofecer como negociar e **relacionarnos con máis capacidade e solvencia cos actores financeiros clásicos**, mellorando tamén a imaxe das cooperativas neses procesos, poñendo en valor os indicadores específicos do cooperativismo, e **saber que claves observar** para estar en condicións de ofrecer anticipadamente unha análise e unha liña argumental de solvencia e de estabilidade ás entidades financeiras, baseada na **casuística cooperativa**.

Presentar posibles **solucións e melloras** á hora de presentar información ou documentación relevante sobre a cooperativa (as veces intanxible) e aquela máis acaída para que interpreten mellor o modelo cooperativo e valoralo.

Por en valor indicadores non económicos que, xunto cos nosos estados económico- financeiros, poidan **complementar o modo estándar de valoración das solicitudes financeiras**, que moitas veces non se adapta á natureza das cooperativas, restándolle valor á proposta presentada.

Trataríase de acadar unha aprendizaxe que nos prepare para **estar reforzadas e mellor posicionadas no acceso ás finanzas**.

Obxetivos

Potenciar o desenvolvemento financeiro das cooperativas.

Cofecer as **claves** e os aspectos máis destacados a ter en conta **nos procesos de negociación** con entidades financeiras tradicionais.

Posibilitar o **debate** e a **toma de contacto** entre as persoas **profesionais do ámbito financeiro e as cooperativas**.

Compartir experiencias ao redor desta temática (boas prácticas, estratexias, necesidades, solucións, casuístas, etc.).

Recoller ideas, alternativas, propostas, e innovacións, de cara a satisfacer as necesidades de crédito específicas do modelo cooperativo non cubertas polo sistema financeiro.

Adquirir coñecementos que contribúan á mellora empresarial da cooperativa.

Destinatarias

As finanzas ocupan un importante lugar na xerencia e na xestión empresarial das cooperativas, as persoas que teñen responsabilidades directivas, e os consellos reitores, normalmente persoas “non financeiras”, poden ter necesidades de capacitación nesta área, necesidades que este encontro pode cubrir parcialmente, de cara a non estar en desvantaxe para analizar, aportar, decidir ou negociar. Tamén está especialmente dirixido ao persoal profesional xerente das cooperativas.

Programa

Pazo da Cultura de Pontevedra

Rúa Alexandre Bóveda s/n. Pontevedra
Seminario nº 3, primeiro andar

9.30 – 14.00 horas

09.30 – 10.00	Recepción de participantes
10.00 – 11.10	Como analizan os bancos as solicitudes de financiamento
11.10 – 12.10	Caso práctico
12.10 – 12.30	Pausa - café
12.30 – 13.00	Claves dos datos financeiros da sociedade cooperativa
13.00 – 14.00	Debate e conclusións finais

Metodoloxía

Empregarase un enfoque totalmente práctico e participativo, muy dinámico, e acompañado de casuística real no tratamento dos contidos.

A través da presentación de situacións que se teñan dado (casos), preséntanse as solucións, como resolvelas, empregando para elo recursos didácticos de orientación práctica. Búscase con elo contribuír a que as cooperativas acaden unha preparación útil e máis capacidade, para un mellor manexo nesta temática.

Tamén se favorecerá e estimularán as discusións, as reflexións e a aprendizaxe real, en detrimento dunha exposición teórica de contidos e a favor de presentar asuntos prácticos.

Dinamizadoras do encontro

María José Cabaleiro Casal - **S**onia Margarita Rodríguez Parada

Son Profesoras Titulares de Universidade, do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade da Universidade de Vigo. Membros do Equipo Cooperativo de Investigación GRÍMPOLA.

Materiais

CD que recopila material informativo e recursos de apoio ao redor da temática abordada, que son un complemento ao encontro e de posible interese para as cooperativas.

Inscripcións

En nuria@ugacota.org ou no **986 13 65 92**. A inscrición é gratuíta, e as prazas limitadas (máximo de 30). Data límite para a inscrición: **17 de novembro de 2011**.

Promove

Os encontros intégranse nun **Programa de Apoio á Función Xerencial en Cooperativas** que impulsa a Unión de Cooperativas de Traballo Asociado UGACOTA, nel colaboran a Consellería de Traballo e Benestar e a Obra Social de Novacaixagalicia.